



TRANSCANTÁBRICA: BURELA-SAN CIBRAO

Club de Montaña O Carroucho

18 de Xuño de 2016

Para esta ruta abandonaremos a liña de costa, que nos levaría polo paseo marítimo urbano de Burela, para variar a paisaxe costeira visitando outros lugares que merecen a pena o desvío.

Comezamos a ruta no porto de Burela, cunha subida cara aos seus barrios máis altos, cruzando a estrada e subindo cara ao miradoiro de Monte Castelo e a súa área recreativa. No alto do monte atópase a capela da nosa Señora das Marabillas, de construción recente. A antiga estaba na Vila do Medio de Burela. Dise que era venerada desde o medievo.



Desde o alto temos bonitas vistas de Burela e o Faro da Pedra. Baixaremos deixando á nosa esquerda unha canteira de caolín polas pistas que rodean o complexo mineiro. Tomamos un desvío preto do cemiterio cruzando a estrada e camiñamos por pista de terra cara a Sargadelos, onde se atopa o Conxunto Histórico Patrimonial constituído polas Antigas Fundicións e Fábricas de Louza, fundadas por Antonio Raimundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, no século XVIII. As instalacións da fábrica actual atópanse un pouco máis adiante a 2 km pola estrada de Cervo.

Pouco antes de alcanzar as instalacións da antiga fábrica arrinca o “paseo fluvial dos namorados” sobre o río Xunco, que termina nun bonito salto de auga sobre unha represa. O paseo finaliza na zona da antiga fábrica cunha área de descanso onde xantaremos. Desde Sargadelos accedemos a Cervo mediante un pracenteiro paseo polo Camiño Real bordeando o río Xun-

Datos Básicos

Comezo:	Burela
Remate:	San Cibrao
Distancia lineal:	25 km.
Duración aprox.:	7 horas
Dificultade:	Baixa-Media
Altura máxima:	413 m
Altura mínima:	2 m
Acumul.:	↗760 m / ↘767 m

co e contemplando diversas fervezas e muíños de auga. Así mesmo, pódense contemplar frondosos bosques salpicados de casas rurais. O camiño fluvial continúa practicamente ata a súa desembocadura en Fontao, xunto á ponte do ferrocarril na pequena praia de Rueira. Antes da ponte, tomamos un escape á esquerda que nos deixa na estrada xeral que enseguida evitamos desviándonos cara ao apeadeiro e parroquia de Madeiros, continuando cara a San Cibrao. Camiñamos en dirección Xove e ao cruzar a estrada pola ponte sobre o río Cobo, se a marea está baixa, poderemos ver os pasos de As Laxas de Lieiro que datan da idade media.



Remontamos polo paseo fluvial seguindo ata a ponte romana medieval de O Bao. Seguimos a través de bosques pola parroquia de Lieiro,

collemos unha pequena pista de terra e preparámonos para percorrer os últimos 4 km rodeando Alcoa. Atravesaremos o río de Lago, camiñaremos ata o espigón Dolo que é de onde arrincarará a seguinte etapa. Alí espéranos o bus para achegarnos a San Cibrao a gozar dunhas cervexas. Merece a pena percorrer a península coñecida como península da Paz, o faro de Punta Atalaia e a súa área recreativa e a praia de Cubelas. As ruínas xunto á praia son dunha antiga fábrica de salgadura que se coñece como “castelo mariño”.



Próxima cita:

2 Xullo
San Cibrao-Viveiro



www.carroucho.org